



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000046

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DELEGACIÓN ACTO (MATRIMONIO)

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000046

### ANTECEDENTES:

Visto o expediente seguido no Rexistro Civil deste mesmo Concello, de autorización para celebración de matrimonio civil.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Delegar na concelleira da Corporación, dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro a atribución para autotizar un matrimonio civil entre D. Eduardo Justo Fernández e Dona María Teresa Muradás Durán. O acto de celebración será o día 10 de xuño de 2017, ás 13,30 horas no Concello de Boqueixón.

**Segundo:** Notificar a presente resolución a concelleira.

En Boqueixón, xoves 1 de xuño de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000047

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DATAS DAS PROBAS, COMISIÓN SELECCIONADORA DA CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000047

### ANTECEDENTES:

Con data do 16 de maio de 2017 o Concello de Boqueixón presenta oferta na Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte. Dita oficina remitiu candidatos preseleccionado para a oferta presentada para a contratación de 4 operarios de servizos múltiples para 5 meses do "Programa de Integración Laboral" da Deputación da Coruña para o anos 2017, cuxas bases foron aprobadas por Xunta de Goberno con data do 4 de maio de 2017.

A Oficina pública de emprego remite unha carta certificada ós candidatos preseleccionados para informarlle que o proceso selectivo terá lugar as 10:00 do día 8 de xuño de 2017, indicándolle ós candidatos que poderán consultar as bases no Concello de Boqueixón así como proceder a recoller o temario para a realización das probas. Estes candidatos son:

AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO  
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS  
BALO MOSQUERA FIDEL  
CAJIDE NEIRA ALBERTO  
FERNÁNDEZ BUJÁN MANUEL  
GONZÁLEZ ANDAMOLLO FERNANDO  
JUNQUERA GARCÍA JOSÉ ROBERTO  
RENDO FERNANDES VICTOR  
SILVA HRMIDA JUAN MANUEL  
SOUTO CAO ALBERTO  
TEIXEIRA FERREIRA RAMIRO  
VÁZQUEZ COSTA EMILIO JOSÉ  
VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono que consta nos curriculum vitae dos candidatos que remite a oficina de emprego, para confirmar que ditas cartas chegan ós candidatos preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**  
1 Aprobar as datas da realización das probas de seleccción:

Para a realización da proba escrita:



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000047

Data: 8 de xuño de 2017  
Hora: 10:00 horas  
Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para realizar da proba práctica:

Data: 8 de xuño de 2017  
Hora: 11:00 horas  
Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para a baremación das situacións de exclusión laboral e baremación de méritos, as bases establecen que os candidatos presentarán no prazo máximo de 3 días a contar desde a data da realización das probas a documentación acreditativa da súa situación de exclusión social, polo que a Comisión de selección queda convocada para realizar dita baremación o día 14 de xuño de 2017, ás 10:00 horas.

2 Nomeamento da comisión seleccionadora:

PRESIDENTE: Juan Manuel Corral Sánchez, funcionario do Concello de Boqueixón. SUPLENTE: Rosario Canabal Vázquez, funcionaria do Concello de Boqueixón.  
SECRETARIA: Elena Suárez Rodríguez, secretaria-interventora do Concello de Boqueixón ; Suplente: Adela Lamela Arteaga, funcionario do Concello de Boqueixón  
VOGAL 1: Juan Manuel Freiría Brey, funcionario do Concello de Boqueixón; Suplente: Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón.  
VOGAL 2: Lourdes García Abeijón, funcionario do Concello de Boqueixón; SUPLENTE: Rosario Iglesias Iglesias, funcionario do Concello de Boqueixón.  
VOGAL 3: María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón; SUPLENTE: Anselmo Caeiro Villar, funcionario do Concello de Boqueixón.

3 Poner en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, debendo de notificalo á presidencia. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

4 Aprobar o listado de candidatos preseleccionados remitidos pola Oficina de Emprego de Santiago Norte.

5 Publicar esta resolución no taboleiro de edictos da casa do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, xoves 1 de xuño de 2017

O Alcalde  
Manuel Fernández Muñín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION FOGOS EN LOUREDA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000048

### ANTECEDENTES:

O día 4 de xuño 2017 por rexistro telemático don Manuel Antonio [redacted] en representación da entidade organizadora Pirotecnia Sionlla, con dni [redacted] presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Loureda os días 28 e 29 de xuño.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que conorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, luns 5 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000049

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACION PAGOS GARDAS SERVICIO ABASTECIMIENTO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000049

### ANTECEDENTES:

O Pleno da corporación na sesión celebrada o 11 de novembro de 2015 acordou xestionar directamente o servizo de abastecemento de auga a partires do 1 de xaneiro 2016.

Para a prestación do servizo, dispónse de dous operarios que deberán estar á disposición as 24 horas durante os 365 días do ano.

Un destes operarios, ten un contrato de relevo polo que non se prevé a finalización do citado contrato nun período corto de tempo.

Outro dos operarios, don Carlos Uzal Díaz finalizou o contrato con data 31/12/2016, polo que se tivo que formalizar un novo proceso de contratación do que resultou adjudicatario da praza don Carlos Uzal Díaz.

Por este motivo, e tendo en conta que as gardas se deben efectuar, polo citado traballador en coordinación co outro operario (don Luís Fandiño).

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Aprobar o importe de 300 €/mes a aboar a don Carlos Uzal Díaz, pola realización das gardas correspondentes ao servizo de abastecemento de auga.
2. Manter, así mesmo, este importe para o traballador don Luís Fandiño polas gardas que ao mesmo lle corresponden.
3. Comunicarlle esta resolución aos traballadores.

En Boqueixón, luns 5 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000050

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** REQUERIMENTO OBRADOIRO DE EMPREGO. EXPEDIENTE: 15/0015/2017  
**EXPEDIENTE:** 2017/G003/000050

### ANTECEDENTES:

Ó abeiro da ORDE do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2017, os concellos de Boqueixón e Vedra están a realizar os trámites de solicitude dun Obradoiro de Emprego, denominado Obradoiro de Emprego Boqueixón - Vedra 2017

Dito Obradoiro de Emprego terá 2 especialidades: Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción; e Traballos de carpintería e moble. O Obradoiro de Emprego ten un orzamento por importe de 429.467,20 € dos que Boqueixón terá que aportar 29.817,17 € e o Concello de Vedra 119.691,03€ e a Consellería de Economía, Emprego e Industria 279.959 €.

Con data do do 31 de marzo de 2017 mediante resolución de alcaldía aprobouse a solicitude de Obradoiro de Emprego.

Con data de rexistro do Concello de Boqueixón de 22 de maio de 2017 a Consellería de Economía, Emprego e Industria require unha documentación por correo certificado, no punto 8 di literalmente “-As unidades de obra/servizos/produtos indicados para a concordancia entre o plan formativo e o proxecto a desenvolver, para a especialidade de operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción non se axustan ó indicado no certificado de profesionalidade para esa especialidade, xa que inclúen as seguintes unidades de obra que non teñen relación co antedito certificado: Execución de tabiquería interior, cerramento exterior, colocación de azulexo cerámico, cimentación de formigón estrutura metálica e cuberta para pérgola”. Esta entidade local contacta co Estudio Técnico Galego, SA e co Concello de Vedra para que realice as modificacións que corresponden no proxecto e nas unidades de competencias da memoria presentadas, o Estudio Técnico Galego, SA presenta a documentación modificada o día 5 de xuño de 2017 (Proxecto de obra e as unidades de competencias incluídas na memoria do Proxecto de Emprego Boqueixón-Vedra 2017), e o concello de Vedra o presenta con data do 2 de xuño de 2017, dado que o prazo para a presentación do requerimento da Consellería remata o 6 de xuño de 2017, e dado que a Xunta de Goberno terá lugar o día 15 de xuño de 2017, polo tanto atendendo a que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2.- Modificar o anteprojecto para executar mediante o Obradoiro de Emprego denominado “Obradoiro de Emprego albanelería e carpintería” coa finalidade de adaptalo ó certificado de profesionalidade. As actividades da especialidade Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción desenvolveranse nos seguintes lugares do municipio:



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000050

Casa de Cultura de Camporrapado  
Local Social de Lestedo  
Centro de Interpretación do Pico Sacro

As actividades da especialidade de Traballos de carpintería e moble realizaranse nos seguintes lugares:

Casa de Cultura de Camporrapado  
Local Social de Lestedo  
Centro de Interpretación do Pico Sacro

3.- Manter o mesmo orzamento por importe de 429.467,20 € dos que Boqueixón terá que aportar 29.817,17 € e o Concello de Vedra 119.691,03€ e a Consellería de Economía, Emprego e Industria 279.959 €.

4.- Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En Boqueixón, luns 5 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente  
Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Télex: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000051

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** FORMULACIÓN APELACIÓN AO INCIDENTE EXECUCIÓN 0000101/2016

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000051

### ANTECEDENTES:

Visto o auto número 75/2017, de 18 de maio do 2017, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, en relación co procedemento: PFE incidente de execución 0000101/2016, 0001 execución definitiva 0000101/2016, no cal se acorda acoller a pretensión que plantea o representante procesal de don José Manuel , e anular o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón de 21.07.16, que aprobou o Proxecto de Compensación do SAUI 2, así como o do 22.09.16 que o confirmou, por ser contrarios ao fallado na STSJ de Galicia do 10.03.16,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Formular apelación ao auto número 75/2017, de 18 de maio do 2017, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, en relación co procedemento PFE incidente de execución 0000101/2016, 0001 execución definitiva 0000101/2016

2.Comunicar esta resolución á asesoría xurídica da Deputación Provincial da Coruña, para que adopten as medidas procedentes.

En Boqueixón, martes 6 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000052

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DELEGACIÓN DEREITO VOTO CONSELLO REITOR SAUI 2

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000052

### ANTECEDENTES:

Na sesión plenaria que tivo lugar o 11 de xaneiro do 2017, foi designado representante da Xunta de Compensación do SAUI 2, don Jesús Sanjuás Mera.

Con data 8 de xuño do 2017, está prevista unha reunión do Consello Reitor, ás 17.30 horas, no local social de Sergude, para tratar unha serie de puntos que se sinalan na convocatoria rexistrada no concello, o 5 de xuño do 2017, co número de entrada 17/1168.

Non podendo asistir por motivos persoais o señor Sanjuás Mera a esta reunión da Xunta de Compensación,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Delegar o dereito de voto para o acto da citada reunión a favor de dona Cristina Carbajales Nourifo, traballadora do Concello de Boqueixón

En Boqueixón, mércores 7 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000053

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA. DATAS E NOMEAMENTO COMISIÓN SELECCIONADORA PROCESOS SELECTIVOS DE CONTRATACIÓN PERSOAL PARA VMB E 2 BRIGADAS DE INCENDIOS

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000053

### ANTECEDENTES:

Con data do 26 de maio de 2017 o Concello de Boqueixón presenta unha oferta na Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (V.M.B), e 3 ofertas de traballo para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de: 2 peóns condutores de brigada, de 6 peóns de brigada e 2 xefes de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais. Dita oficina remitiu candidatos/as preseleccionado/as para cada unha das ofertas presentadas.

A Oficina pública de emprego remite unha carta certificada ós candidatos preseleccionados para informarlle que día, hora e lugar terá lugar o proceso selectivo, indicándolle ós/ás candidatos/as que poderán consultar as bases no Concello de Boqueixón así como proceder a recoller o temario para a realización das probas. Estes candidatos/ son por oferta como segue:

Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (V.M.B):

AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO  
CANOSA MONTERO DANIEL  
MAREQUE REY JULIÁN  
MELLA FORTES BENITO  
SANJURJO CANEDO ISIDRO  
TEIXEIRA FERREIRA RAMIRO

Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 6 peóns de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais:

AGRELO GARCIA JOSE OLIMPIO  
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS  
CAJIDE GÓMEZ JOSÉ  
CAJIDE NEIRA ALBERTO  
FERNÁNDEZ PIÑEIRO JACOBO  
JUNQUERA GARCÍA JOSÉ ROBERTO  
LÓPEZ AGRELO DIEGO  
MAREQUE REY JULIÁN  
RENDÓ FERNANDES VICTOR  
RODRIGUEZ ALVAREZ ENRIQUE  
RODRIGUEZ CASAL AMELIA



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000053

SEIJO SERTO SANTIAGO  
TEIXEIRA FERREIRA RAMIRO

Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 2 peóns condutores de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais:

AGRELO GARCÍA JOSE OLIMPIO  
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS  
CAJIDE GÓMEZ JOSÉ  
CAJIDE NEIRA ALBERTO  
FERNÁNDEZ PIÑEIRO JACOBO  
JUNQUERA GARCÍA JOSÉ ROBERTO  
MAREQUE REY JULIÁN  
RENDO FERNÁNDES VICTOR  
RODRÍGUEZ CASAL AMELIA  
SEIJO SERTO SANTIAGO  
TEIXEIRA FERREIRA RAMIRO

Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 2 Xefes de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais:

ÁLVAREZ PEITEADO JOSÉ ALBERTO  
BARCIA DOPAZO GUSTAVO V.  
CAMBEIRO MARTELO PATRICIA  
CASAL PEREIRA BRAN  
DEVESA FERNÁNDEZ ALBA MARÍA  
FERNANDEZ FERNÁNDEZ JOSE MARÍA  
GÓMEZ DEUS MARÍA JESÚS  
HERMIDA RODEIRO JOSÉ MANUEL  
LADO VILA DARIO  
LORENTE GARCÍA JUAN CARLOS  
LOURO NÚÑEZ DE HARO PABLO  
MEJUTO GAREA IVÁN  
PENAS VÁZQUEZ MINIA  
PIÑEIRO VEIRAS ALICIA  
ROMERO LEMA LUIS EDGAR  
SARABIA BRADANCA DOMINGO  
VAZ VARELA SANTIAGO  
VÁZQUEZ SAMPAYO VICTOR  
VIDAL ARNEJO GONZALO  
VILLAR MOSQUERA EVA MARÍA

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1 Aprobar as datas da realización das probas de selección:



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000053

**Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (V.M.B):**

para a realización da proba escrita:

Data: 12 de xuño de 2017

Hora: 9:30 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para realizar da proba práctica:

Data: 12 de xuño de 2017

Hora: 10:30 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Baremación baremación de méritos:

Data: 12 de xuño de 2017

Hora: 12.30 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

**Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 6 peóns de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais:**

Para a realización da proba escrita:

Data: 13 de xuño de 2017

Hora: 9:30 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Baremación de méritos:

Data: 14 de xuño de 2017

Hora: 09:00 horas



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000053

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

**Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 2 peóns condutores de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais:**

Para a realización da proba escrita:

Data: 13 de xuño de 2017

Hora: 10:30 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Baremación de méritos:

Data: 14 de xuño de 2017

hora: 12:15 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

**Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 2 Xefes de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais:**

Para a realización da proba escrita:

Data: 13 de xuño de 2017

Hora: 12:30 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Baremación baremación de méritos:

Data: 13 de xuño de 2017

Hora: 13.30 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

**2 Nomeamento da comisión seleccionadora:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos **Servizos Públicos**)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000053

**Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 3 peóns forestais encargados/las do manexo e actuación do vehículo motobomba (V.M.B):**

**PRESIDENTE:** Juan Manuel Corral Sánchez, funcionario do Concello de Boqueixón. **SUPLENTE:** Rosario Canabal Vázquez, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**SECRETARIA:** Elena Suárez Rodríguez, secretaria-interventora do Concello de Boqueixón ; **Suplente:** Adela Lamela Arteaga, funcionario do Concello de Boqueixón

**VOGAL 1:** Juan Freiría Brey, funcionario do Concello de Boqueixón; **Suplente:** Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 2:** Lourdes García Abeijón, funcionaria do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Rosario Iglesias Iglesias, funcionario do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 3:** María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Anselmo Caeiro Villar, funcionario do Concello de Boqueixón.

**Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 6 peóns de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais:**

**PRESIDENTE:** José María Souto Temes, funcionario do Concello de Boqueixón. **SUPLENTE:** Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**SECRETARIA:** Elena Suárez Rodríguez, secretaria-interventora do Concello de Boqueixón ; **Suplente:** Adela Lamela Arteaga, funcionaria do Concello de Boqueixón

**VOGAL 1:** Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón; **Suplente:** Juan Freiría Brey, funcionario do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 2:** Rosario Canabal Vázquez, funcionaria do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 3:** María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Anselmo Caeiro Villar, funcionario do Concello de Boqueixón.

**Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 2 peóns condutores de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais.**

**PRESIDENTE:** José María Souto Temes, funcionario do Concello de Boqueixón. **SUPLENTE:** Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**SECRETARIA:** Elena Suárez Rodríguez, secretaria-interventora do Concello de Boqueixón ; **Suplente:** Adela Lamela Arteaga, funcionaria do Concello de Boqueixón

**VOGAL 1:** Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón; **Suplente:** Juan Freiría Brey, funcionario do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 2:** Rosario Canabal Vázquez, funcionaria do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Rosario



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000053

Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón.

VOGAL 3: María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón; SUPLENTE: Anselmo Caeiro Villar, funcionario do Concello de Boqueixón.

**Para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 2 Xefes de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais:**

PRESIDENTE: Juan Manuel Corral Sánchez, funcionario do Concello de Boqueixón. SUPLENTE: Rosario Canabal Vázquez, funcionaria do Concello de Boqueixón.

SECRETARIA: Elena Suárez Rodríguez, secretaria-interventora do Concello de Boqueixón; Suplente: Adela Lamela Arteaga, funcionaria do Concello de Boqueixón

VOGAL 1: Ana Beatriz Díaz Miguez, funcionaria do Concello de Boqueixón; Suplente: Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón.

VOGAL 2: Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón; SUPLENTE: Lourdes García Abeijón, funcionaria do Concello de Boqueixón.

VOGAL 3: Anselmo Caeiro Villar, funcionario do Concello de Boqueixón; SUPLENTE: María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón.

3 Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurren neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, debdendo de notificalo á presidencia. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

4 Publicar as datas, hora e lugar da realización das probas así como a composición da comisión seleccionadora na páxina web do Concello de Boqueixón, e publicar esta resolución no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Boqueixón

En Boqueixón, xoves 8 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000054

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL QUE CUBRA 1 PRAZA DE SOCORRISTA A XORNADA COMPLETA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000054

### ANTECEDENTES:

A piscina municipal ten a necesidade de contratar a 1 socorrista para a tempada de verán, a xornada completa:

O socorrista estará contratado a través de subvención para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Núm. Expediente: TR351A 2017/33-1

É necesario persoal para facer as funcións de socorrista na piscina municipal de Boqueixón, xa que durante o mes de agosto deste ano o monitor deportivo municipal ten solicitado e concedidas as vacacións correspondentes a este ano 2017, e dado que a piscina municipal, na época na que nos atopamos, está a pleno rendemento precísase de persoal suficiente.

O decreto 103/2005 de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo, no artigo 29 apartado 1/ establece que todas as piscinas, deberán ter polo menos un socorrista, con titulación suficiente o cal permanecerá nas instalacións durante todo o tempo que estas se atopen abertas ao público.

O Real Decreto Lexislativo 1/1995 polo que se aproba o estatuto dos traballadores no artigo 37 apartado 1/ establece que os traballadores teñen dereito a un descanso mínimo semanal, que como regra xeral comprenderá a tarde do sábado (ou no seu caso a mañá do luns) e o día completo do domingo.

Por outro lado, débese ter en conta que esta Entidade Local solicitou á Deputación da Coruña unha subvención para a contratación dun socorrista, aprobado por Xunta de Goberno con data 1 de xuño de 2017, polo que aínda non coñecemos se dita solicitude será resolta favorablemente. Para evitar un novo proceso selectivo para a contratación doutro socorrista contéplase a posibilidade que nas Bases de Contratación que se van a aprobar para a contratación do socorrista aprobado pola Xunta de Galicia estea prevista que para futuras contratacións vinculadas coa ocupación de socorrista, se poda contratar aqueles candidatos/as que figuren na lista de reserva. Establecendo unha listaxe de reserva para esta ocupación e que teñan vixencia para o ano 2017.

Esta entidade local recibiu por sede electrónica autorización para a contratación anticipada da





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000054

Consellería de Economía, Emprego e Industria. Dita autorización establece no punto 6 que non xera dereito algún para resultar beneficiario da subvención nin obter axuda pola totalidade das contratacións que se formulen; o procedemento no que se integra a solicitude está na fase de instrución e a resolución que adopte o órgano competente comunicarse conforme o disposto na normativa vixente. No caso de resultar una resolución favorable na mesma indicárase as contratacións subvencionadas e a contía da subvención.

Consecuentemente, é imprescindible, realizar a convocatoria como segue:

Contratar con cargo á subvención solicitada e a autorización para a contratación anticipada para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidade locais da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, un socorrista para que permaneza nas instalacións da piscina durante 2 meses sendo o prazo para iniciar o contrato o 1 de xullo de 2017.

Considerando que a cobertura desta praza é unha necesidade urxente e inaprazable,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Aprobar as bases para a contratación de persoal que cubra 1 PRAZA DE SOCORRISTA A XORNADA COMPLETA (de luns a domingo, cos descansos establecidos na lei).

Primeira.- Obxecto da convocatoria

Contratar a 1 traballador como socorrista acuático para a atención da piscina municipal de Boqueixón mediante un contrato en réxime laboral temporal.

A retribución (salario bruto máis seguridade social da empresa), con cargo á solicitude de subvención Xunta de Galicia, para o período de contratación do traballador desempregado en colaboración coas entidade locais da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, é de 2.666,72 euros para o período de 2 meses.

Dita cantidade está suxeita á resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Segunda.- Duración dos contratos e modalidade contractual

A DURACIÓN DO CONTRATO QUE SE REALIZA CON CARGO Á SOLICITUDE DE SUBVENCION DA CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA será de 2 meses debéndose ter iniciado o 1 de xullo de 2017, podendo iniciarse ou finalizarse máis tarde por causas xustificadas, ou por lo prazo establecido en resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria.. O contrato non é prorrogable. Modalidade contractual de Interese Social.



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000054

### Terceira.- Condicións dos/as aspirantes para participar no proceso selectivo

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

1 Nacionalidade: Ter a nacionalidade ou ser nacional dun Estado membro da Unión europea ou doutros estados, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois. ( Copia cotexada do DNI)

2 Idade: Ter cumpridos os 18 anos.

3 Capacidade funcional: Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de inscribirse no proceso de selección. Xúntase anexo II.

4 Habilitación: Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

5 Compatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.

6 Profesionalidade: (os/as aspirantes deberán acreditar con fotocopia compulsada este punto no momento de facer a solicitude de admisión no proceso selectivo)Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia como socorrista en instalacións acuáticas e espazos acuáticos naturais, de conformidade co Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de socorristas acuáticos de Galicia, segundo redacción dada por Decreto 35/2017, do 16 de marzo (DOG. núm. 69 do 07/04/2017), que establece na súa disposición transitoria única unha prórroga automática do prazo de inscrición provisional ata o 10/04/2021. DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña trascorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para dictar resolución expresa. Neste caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia da declaración responsable segundo modelo normalizado que figura no Anexo IV do dito Decreto 104/2012, así como do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe.

7 Estar inscrito como desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os candidatos/as serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón.



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000054

#### Cuarta.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requirindo candidatos/as na ocupación de Bañista - Socorrista.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI. Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita para optar ás prazas, e os/as candidatos/as deberán presentar na data que a Oficina de Emprego de Santiago Norte lle indique a documentación acreditativa esixidas no apartado de baremación de méritos, establecida na base sexta.

Ademais, previamente á contratación do aspirante que acade a maior puntuación debe realizar un recoñecemento médico, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar este recoñecemento médico non se poderá realizar a contratación de dito aspirante.

Para a realización da proba escrita os/as candidatos/as terán que preparar o temario exposto no anexo I, para o cal se indica a bibliografía.

#### Quinta.- Comisión seleccionadora.

- A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente, 3 vogais, e un Secretario. De conformidade co establecido no artigo 55.2.c) e o art. 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal calificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000054

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirírase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarles se concurrese algunha daquelas circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Sexta.- Proceso de selección

Sistema de provisión: concurso-oposición libre.

Os/as aspirantes/as farán o proceso selectivo. A calificación para o proceso se obterase do resultado final da suma das puntuacións obtidas na proba teórica e na baremación dos méritos. O/a candidato/a que obteña a maior puntuación optará á contratación da praza. Quedando o resto dos/as aspirantes como suplentes primando a orde de puntuación acadada en cada proceso selectivo de maior a menor.

No caso de empate a orde se establecerá atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- a) Maior puntuación obtida na proba teórica.
- b) Maior puntuación obtida nos apartados do baremo de méritos pola orde en que estes aparezan na convocatoria.

A Comisión valorará a documentación presentada polos/as aspirantes de acordo cos requisitos establecidos:

1- PROBA ESCRITA: Máximo 12 puntos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000054

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionadas co posto ofertado. Este exercicio terá carácter obrigatorio e é eliminatorio. A puntuación máxima será de 12 puntos e a mínima para superar a proba é de 6 puntos

## 2- BAREMACIÓN MÉRITOS : Máximo de 8 puntos:

Para acceder a esta fase os/as candidato/as deberán ter superado a proba escrita. E deberán acreditar na data que a Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte convoque ós/as citados/as aspirantes, os méritos esixidos neste apartado. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos. Os méritos que aleguen os/as interesados/as e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de documentación.

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

### 1) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 5 puntos:

- Traballos prestados como socorrista acuático na administración pública ou empresa privada: Por cada mes completo traballado 0,25 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguidade Social e mediante informe ou certificación expedida pola administración ou a empresa correspondente ou contratos de traballo).

Aqueles traballadores que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo III para que o concello lle expida a correspondente certificación.

### 2) Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar os 2 puntos. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA, DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000054

- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos
- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,70 puntos
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto

3) Cursos de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto (ó final destas bases hai un anexo das validacións dos CELGAS):

Celga 4 ou validación: 1 punto.

Celga 3 ou validación: 0,75 puntos.

Celga 2 ou validación: 0,50 puntos.

Celga 1 ou validación: 0,25 puntos.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Sétima.- Rematada a selección, o Tribunal publicará no taboleiro o nome do/a participante titular do posto seleccionado/a coa súa puntuación correspondente, e nomes do candidatos/as suplentes que terá vixencia durante o ano 2017.

**Dita lista de reserva** será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación de bañista-socorrista, ou ós efectos de contratación durante o 2017 de máis socorristas, pois ós integrantes da lista de reserva terán dereito no suposto que esta entidade local teña necesidade de contratar outro bañista-socorrista, para a tempada de verán do 2017. Nembargantes, os/as candidatos/as de reserva non terán dereito de lista de reserva para outros procedementos de contratación que non estean vinculados á contratación de socorrista.

Oitava.- Proposta de contratación

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación da persoa que obteña a mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

Previamente á formalización da contratación do/a aspirante que acade a maior puntuación debe realizar un recoñecemento médico, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar este recoñecemento médico non se poderá realizar a contratación de dito aspirante.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000054

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

Novena.- Incidencias.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Décima.- A presente Resolución publicarase, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Boqueixón, e na páxina WEB do concello de Boqueixón [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

Anexo I. Temario

Primeiros auxilios:

- Anatomía e fisioloxía do corpo humano.
- Avaliación do paciente.
- Control da vía aérea e da ventilación.
- Reanimación, cardiopulmonar e DESA (adulto e pediátrico).
- Hemorragias, lesións en tecidos brandos e tratamento do shock.
- Traumatismos térmicos (quemaduras).
- Traumatismos musculoesqueléticos.
- Levantamento e desprazamento dos pacientes.
- Urgencias médicas (dolor torácico, ICTUS, hipoglucemia, convulsións, etc.)
- Avaliación do paciente.
- Manexo da vía aérea.
- Manexo de hemorragias e feridas.
- Manexo de fracturas.
- Movilización e e inmovilización.
- Urgencias médicas.
- Reanimación cardiopulmonar y DESA
- Simulación de casos prácticos en diversas situación e ubicacións onde se desenvolve o traballo dos alumnos.
- Salvamento acuático:



exp. 2017/G003/000054

- Socorrismo acuático: conceptos, obxectivos
- Secuencia de actuación nun rescate acuático
- Utilización de diverso material en rescates acuáticos, tubo de rescate e táboa de rescate
- Rescates acuáticos son material&#8230;
- Lexislación en salvamento e socorrismo

**Bibliografía:**

Abraldes, JA. y Nava, S. (2013): Desfibrilador externo semiautomático. Formación y actualización. A Coruña. FESSGA.

Abraldes, JA. (2006): Salvamento e socorrismo. Secuencias de rescate en el medio acuático. A Coruña- FESSGA.

Rodriguez, N., Martinez, P., Gallego, L. y Lucas, JJ (2008): Guía rápida de primeros auxilios en deporte. A Coruña. FESSGA.

DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

DECRETO 35/2017 del 30 de marzo, por el que se complementa el decreto anterior.

**Anexo II**  
**DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA**

Nome e apelidos:.....  
 DNI:..... Data nacemento:.....  
 Domicilio:.....Localidade:  
 ..... Provincia:.....  
 Código postal: ..... Núm. Teléfono:.....  
 E-mail:.....

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de máximo esforzó, fora e dentro da auga, que require o posto de traballo.

Asemesmo, DECLARO ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e

Decreto N.º 43/2017 - Fecha de decreto: 09/06/2017  
versión imprimible

VD: TdFEUADv5uuumVfbWahv  
verificable en la Sede Electrónica del Organismo.





Forte s/n  
 15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
 Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
 Fax: 981 513 000  
 correo@boqueixon.es  
 www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000054

físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,  
 Boqueixón, .....de ..... de 2017  
 O/A interesado/a:.....

### Anexo III

#### Solicitud de certificación laboral do Concello de Boqueixón para valorar na fase de méritos do proceso selectivo de socorrista (2017)

Nome e apelidos:.....  
 DNI:..... Data nacemento:.....  
 Domicilio:.....Localidade:  
 ..... Provincia:.....  
 Código postal: ..... Núm. Teléfono:.....  
 E-mail:.....

**DECLARA** ter traballado nesta entidade local, e **SOLICITA**, para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral no concello de Boqueixón.

Boqueixón, .....de.....de 2017

O/A interesado/a:.....

#### Anexo V. Celga: validacións

O sistema de validacións dos Celga é o seguinte:

##### 1. Serán validables polo Certificado de lingua galega 1(Celga 1):

- O certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia ata a entrada en vigor desta orde.



exp. 2017/G003/000054

- O certificado de curso de lingua galega para non galego-falantes impartidos polas universidades galegas, ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.

## **2. Serán validables polo Certificado de lingua galega 2 (Celga 2):**

- O título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata a entrada en vigor desta orde
- O certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.

## **3. Serán validables polo Certificado de lingua galega 3 (Celga 3):**

- O título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.
- **Certificado de aptitude dos cursos de iniciación de lingua galega (segundo Orde do 1º de abril de 2005 )**

## **4. Serán validables polo Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):**

- O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- A certificación do curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.

## **5. Serán validables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5):**

- O título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués).
- Calquera outro título de licenciatura, diplomatura ou equivalente, sempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega, e se estea en posesión do Celga 4.
- O certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000054

regulan os contidos mínimos correspondentes ao ensino especializado das linguas españolas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

Atendendo á *ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega (Celga)*. (DOG. núm. 34 do 19 de febreiro de 2014). CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: “Tres. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte maneira: «Disposición adicional segunda. Valoración de méritos e requisitos

1. Para a valoración de méritos, naqueles casos nos que proceda, e para o acceso á función pública galega, así como naqueles procedementos nos que se esixa o coñecemento da lingua galega, excepto para o estipulado na letra c) do apartado 5 do anexo I da presente orde, terá a mesma validez posuír **as certificacións de aptitude dos niveis de lingua galega oral, iniciación e perfeccionamento** (expedidas ao amparo da Orde do 19 de xaneiro de 1989 e da Orde do 1 de abril de 2005, ou da normativa anterior) que posuír as certificacións de aptitude dos Celga 1, Celga 3 e Celga 4, respectivamente.

2. Nas bases das convocatorias de oposicións, concursos de méritos ou en calquera outro procedemento estableceranse os niveis de lingua esixidos como requisito ou como mérito. Para iso, todos estes procedementos terán que axustarse ás convalidacións establecidas na presente orde.»

Para facer efectiva a validación débese proceder do xeito seguinte:

No caso de que o título ou certificado para validar corresponda ao ensino regrado preuniversitario, é dicir, EXB, Primaria, Secundaria ou Formación Profesional, a validación correspondente deberá solicitarse ao secretario/a do centro no que se estudou, xa que alí se custodian as cualificacións.

No resto dos casos, as validacións solicitaranse á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

En Boqueixón, xoves 8 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** LISTA DEFINITIVA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL RAIÑA LUPA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000055

### ANTECEDENTES:

Unha vez rematado o prazo de formalización da matrícula para o curso 2017/2018 da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, o de presentación de reclamacións e achega de documentación, e no uso das facultades que teño atribuídas.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º - Aprobar a lista definitiva de solicitudes para a obtención da praza na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

- |                                 |                               |
|---------------------------------|-------------------------------|
| - Álvarez Pérez Cova            | - López Botana, Manuel        |
| - Cajaraville Rey, Emma         | - Lortes Moure, Mateo         |
| - Cajaraville Rey, Nicolás      | - Macias Mareque, Oscar David |
| - Carrillo Martínez, Inés       | - Manteiga Calvelo, Nerea     |
| - Castro Carrillo, Markel       | - Manteiga Calvelo, Sara      |
| - Castro Figueiras, Mateo       | - Martínez Rodríguez, Gabriel |
| - Cerdeira Ruibal, Izan         | - Mujico Gómez, Iván          |
| - Dantas Iglesias, Marinna      | - Otero Mata, Alba            |
| - Dantas Iglesias, Sabrinna     | - Otero Mata, Leire           |
| - De la Fuente Lago, Gerardo    | - Peiteado Cigüenza, Sara     |
| - Dosantos Casal, Diego         | - Pérez Couto, Daniela        |
| - Fachal Fuentes, Emma          | - Puento Iglesias, Esteban    |
| - Fernández Casalta, Emma       | - Rama Fernández, Martín      |
| - Ferreiro Taibo, Fabián        | - Raviña Fins, Miguel         |
| - Fuentes Otero, Laura          | - Rey Santasmarinas, Martín   |
| - García García, Mateo          | - Seoane Rodríguez, Yaiza     |
| - García Teixeira, José Antonio | - Silva Raviña, Uxía          |
| - García Teixeira, Ramón        | - Suárez Novo, Vera           |
| - Iglesias Aimée, José Manuel   | - Torres Munín, Iker          |
| - Iglesias Pardo Iraila         | - Uzal Millán, Ezequiel       |
| - Jubón Mogo, Xiana             | - Valiña Sainz, Elvira        |
| - Leal Porral, Gabriela         | - Vázquez Fontela, Iván       |
| - Liñares Rosende, Dario        | - Vázquez Gómez, Valentina    |



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000055

2º - Aprobar a lista de espera por non haber prazas dispoñibles, establecendo o orde de seguinte xeito:

1. García Nouche, Xoel
2. Vázquez Pérez, Andrea
3. Carabán Quinteiro, Olivia
4. González Merlos, Fabián
5. González Merlos, Nico
6. Oria Canicoba, David

3º - Polo tanto, no prazo de 15 días hábiles a partir da publicación desta resolución, os pais dos admitidos deberán presentar na Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón (Lestedo) en horario de 9:00 a 14:30 horas, a seguinte documentación:

- Certificado médico do/a neno/a.
- Carné de vacinacións actualizado.
- 4 fotografías tamaño carné.
- Número de conta bancaria.

A non presentación de dita documentación no prazo establecido entenderase como renuncia á praza.

4º - Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello e na Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón e na páxina web [www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es), para o coñecemento dos interesados.

En Boqueixón, venres 9 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Télfis: 981 513 061 -- 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000056

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION FOGOS DE ARTIFICIO EN SERGUDE

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000056

### ANTECEDENTES:

O día 12 de xuño con rexistro de entrada núm. 17/1212 don Juan Manuel pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Sergude os días 17 e 18 de xuño 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que conorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, luns 12 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000057

## “RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DA OBRA PMA 2016

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000057

### **ANTECEDENTES:**

Con data 16 de marzo, iniciouse a contratación da obra incluída no PMA 2016, denominada “Adecuación e mellora da zona verde do campo da Festa de Lestedo” ;por importe de 51.144,47 euros.

O día 24 de marzo sae publicado o anuncio de licitación no BOP. Tamén se publicou na prensa con data 25 de marzo.

No prazo establecido para o efecto, presentan propostas as seguintes empresas:

1. SYR- AMG, SLU
2. TERRAUGA - Proyectos y Obras, SL
3. Marconsa, SL
4. Oviga, SL
5. Canarga, SL
6. Coviastec, SL
7. Jardinería Arce, SL
8. Construcciones Manuel Barcia García
9. Murat Construcción y Mantenimiento, SLU
10. Acevi, SL



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000057

11. Jardincelas, SL
12. Jara Jardinería Calvarro, SL
13. Canalis Soluciones Tecnológicas, SL
14. Gestal y López, SL
15. CETA Contratas, SL
16. Excavaciones Midón, SL
17. Lignum Urbe, SL
18. Mecano Obras y Reformas, SL
19. Construcciones Mercedes Buján
20. Obras y Viales CERNE, SL
21. Obras y Servicios INDIGO, SL
22. Construcciones Ponciano Nieto, SL
23. J. Mauri e Hijos, SL
24. Sondeos Porzuna, SL
25. Excomel, SL
26. Excavaciones y Obras Marcos, SL
27. Eulogio Viñal, SA
28. Sergonsa Servicios SL





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000057

29. José Luís Millán Millán
30. Alvac, SA
31. Construcciones D. Ogando, SL
32. Aquable Sistemas Constructivos, SL
33. GR Construcciones, Obras y Servicios
34. Excavaciones y Obras Candal, SL
35. Excavaciones y Transportes BC, SL
36. Hnos. Couto Fandiño, SL
37. Excavaciones José Varela Iglesias, SL
38. Arines Obras y Proyectos, SL
39. Construcciones Ofial, SL
40. SAGADE 2009, SL
41. Covisam Norte, SL
42. Desmaco, SL

A mesa de contratación, reúnese o día 27 de abril coa finalidade de abrir as propostas presentadas polas empresas e, segundo se reflicte na acta realizada, detéctase que hai empresas que presentaron ofertas con valores anormais ou desproporcionados. Polo tanto, ante a imposibilidade de propoñer adjudicatario, solicitan os informes oportunos e volven a reunirse o día 31 de maio para facer a correspondente proposta ó órgano de adjudicación.

Nesta data a mesa de contratación presenta a súa proposta indicando o seguinte:

1. Excluir a proposta presentada pola empresa Lignum Urbe,SL ó non presentar, segundo o informe

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000057

realizado polo técnico e segundo consta na acta da mesa de contratación, a documentación suficiente para xustificar a oferta presentada e polo tanto, apreciar a posible desproporcionalidade ou anormalidade da oferta presentada.

2. Excluir á empresa Acevi,SL do procedemento de adjudicación, ó non presentar a documentación solicitada para xustificar a desproporcionalidade ou anormalidade da oferta presentada

3. Clasificar as propostas presentadas en orde decrecente de valoración, obtendo os seguintes resultados:

16.	Excavaciones Midón, SL	29.919,51
26.	Excavaciones y Obras Marcos, SL	32.456,28
18.	Mecano Obras y Reformas, SL	33.243,90
1.	SYR- AMG, SLU	33.596,70
37.	Excavaciones José Varela Iglesias, SL	33.874,86
20.	Obras y Viales CERNE, SL	34.049,40
33.	GR Construcciones, Obras y Servicios	34.097,90
34.	Excavaciones y Obras Candal, SL	34.778,79
25.	Excomel, SL	35.166,94
19.	Construcciones Mercedes Buján	35.513,50
13.	Canalis Soluciones Tecnológicas, SL	35.688,61
40.	SAGADE 2009, SL	35.714,19
38.	Arines Obras y Proyectos, SL	35.857,39
35.	Excavaciones y Transportes BC, SL	36.287,90
12.	Jara Jardinería Calvarro, SL	36.363,72
42.	Desmaco, SL	36.552,95
28.	Sergonsa Servicios SL	36.992,12
36.	Hnos. Couto Fandiño, SL	37.328,50
9.	Murat Construcción y Mantenimiento, SLU	37.846,86
41.	Covisam Norte, SL	38.102,90
14.	Gestal y López, SL	38.358,36
6.	Covias tec, SL	38.672,99
11.	Jardincelas, SL	39.762,24
4.	Oviga, SL	41.240,01
30.	Alvac, SA	41.309,39
3.	Marconsa, SL	41.350,30
5.	Canarga, SL	41.374,99
2.	TERRAUGA – Proyectos y Obras, SL	41.851,52



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000057

8.	Construcciones Manuel Barcia García	41.937,39
22.	Construcciones Ponciano Nieto, SL	42.045,87
23.	J. Mauri e Hijos, SL	42.547,08
31.	Construcciones D. Ogando, SL	42.643,87
7.	Jardinería Arce, SL	42.705,64
24.	Sondeos Porzuna, SL	42.899,98
29.	José Luís Millán Millán	43.217,09
15.	CETA Contratas, SL	43.488,15
27.	Eulogio Víñal, SA	44.214,39
32.	Aquable Sistemas Constructivos, SL	44.435,63
21.	Obras y Servicios INDIGO, SL	44.751,41
39.	Construcciones Oñial, SL	44.770,00

4. Adjudicar a obra á empresa Excavaciones Midón, SL por importe de 29.919, 51 euros, ó ser a empresa que ofertou o prezo máis baixo.

Na Xunta de Goberno do día 1 de xuño, aceptouse na súa totalidade a proposta da mesa de contratación e polo tanto, solicitóuselle á empresa Excavaciones Midón, SL, a documentación necesaria para levar a cabo a adjudicación do contrato.

Con data 8 de xuño, a empresa presentou a documentación correspondente, polo que é preciso adjudicar o contrato no prazo máximo de cinco días hábiles, polo tanto

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Excluir a proposta presentada pola empresa Lignum Urbe, SL ó non presentar, segundo o informe realizado polo técnico e segundo consta na acta da mesa de contratación, a documentación suficiente para xustificar a oferta presentada e polo tanto, apreciar a posible desproporcionalidade ou anormalidade da oferta presentada.

2. Excluir á empresa Acevi, SL do procedemento de adjudicación, ó non presentar a documentación solicitada para xustificar a desproporcionalidade ou anormalidade da oferta presentada

3. Adjudicar a obra á empresa Excavaciones Midón, SL por importe de 29.919, 51 euros, ó ser a empresa que ofertou o prezo máis baixo e xustificou correctamente a baixa presentada. Deberá destinar o 3% do orzamento de execución por contrata, ó pagamento dos honorarios de dirección de obras e o 1% ó pagamento dos honorarios de coordinación de seguridade e saúde, tal e como figura na ordenanza aprobada para o efecto. Tamén destinará o 1% do orzamento de execución material ó pagamento do control de calidade externo, segundo consta no prego que rexe a contratación. Todas



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000057

estas cantidades serán descontadas do importe total da certificación da obra.

4. Nomear técnico- director das obras a don Julio C. Rojo Martínez.
5. Nomear como coordinador de seguridade e saúde a don Ignacio José Alonso Díaz
6. Formalizar o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciban a notificación os licitadores.
7. Notificar este acordo a tódolos licitadores

En Boqueixón, luns 12 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000059

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION FESTAS EN SERGUDE

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000059

### ANTECEDENTES:

Con data 9 de xuño 2017, rexistro de entrada número 2017/1206, don Javier en representación da Asociación de festexos de San Bieito de Sergude, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de San Antonio en Sergude os días 17 e 18 de xuño do 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder a Asociación de festexos de San Bieito de Sergude, licenza para a realización de verbenas e bailes en Sergude coas seguintes:

<b>Día:</b>	17/06/2017
<b>Tipo de espectáculo :</b>	Verbena ao aire libre consistente baile pola noite a cargo Dúo Phaton e o Dúo Master.
<b>Características do escenario :</b>	Dúo Phaton Camión ríxido de 7 mts. de longo, 3,50 de ancho e 5 mts de alto.
<b>Características do escenario :</b>	Dúo Máster Camión ríxido de 7 mts. de longo, 3,50 de ancho e 5 mts de alto.
<b>Previsión de asistencia de público:</b>	200 persoas



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000059

**O horario será de:** Sesión vermú de 13:00 a 15:30 horas con música a cargo Dúo Phaton e pola noite verbena desde as 22:00 ás 3:00 horas.

**Día:** 18/06/2017

**Tipo de espectáculo :** Verbena ao aire libre a cargo do Dúo Phaton.

**Características do escenario :** Dúo Phaton

Camión rixido de 7 mts. de longo, 3,50 de ancho e 5 mts de alto.

**Previsión de asistencia de público:** 200 persoas

**O horario será de:** sesión vermú de 13:00 a 15:30 horas con música a cargo Dúo Phaton.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se mantexa o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, martes 13 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Télex: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000060

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** LUME SAGRADO DO PICO SACRO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000060

### ANTECEDENTES:

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Por outra parte, o artigo 25.2 apartados m) da mesma norma outorga competencias ós concellos en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e no apartado l) promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre

O Concello de Boqueixón leva a cabo diversas accións de desenvolvemento económico, promoción turística e cultural, e en concreto, a iniciativa da “Cerimonia do Lume Sagrado do Pico Sacro” e o “Ofrecemento do Lume Sagrado en Santiago de Compostela” son unha iniciativa de promoción do turística, cultural e de ocio do municipio, unha acción cun obxectivo de desenvolvemento local e de impulso ó turismo.

O Pico Sacro é un dos montes máis míticos e lexendarios de Galicia, polo que é o escenario perfecto para a cerimonia pagá do lume sagrado. Esta cerimonia pretende, de forma simbólica, recuperar a tradición dos nosos ancestrs na festa do solsticio de verán/San Xoán, a través da obtención do lume sagrado por medios naturais, é dicir, directamente do Sol nun enclave único o “Monte Sagrado de Galicia”. Posteriormente o lume será ofrecido a todos aqueles que queiran prender as fogueiras a noite de San Xoán co lume sagrado.

A actividade implica a realización de 2 eventos co obxectivo de acadar maior repercusión e visibilidade:

- Cerimonia do lume sagrado do Pico Sacro. O domingo 18 de xuño ás 16:00h. no cumio do Pico Sacro. Evento no que a raíña Alda e o seu séquito ascenden ó cumio do Pico Sacro para facer lume directamente do sol.

Nesta cerimonia organiza o Concello de Boqueixón a Asociación do Castro da Fervenza de Calobre (A Estrada) que de xeito gratuíto aporta figurantes.

- Ofrecemento do lume sagrado do Pico Sacro en Santiago de Compostela. O 22 de xuño ás 21:30h. a raíña Alda portando o lume sagrado e acompañada polo séquito partirá da carballeira de Santa Susana e desfilará ata a Praza de Mazarelos onde ofrecerá o lume sagrado para que as cacharelas de Santiago poidan prenderse co lume sacro.

O ofrecemento do lume en Santiago, organízao o Concello de Boqueixón e a Asociación do Castro da



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000060

Fervenza de Calobre (A Estrada), colaborando o Concello de Santiago de Compostela.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Aprobar a organización da "Cerimonia do Lume Sagrado do Pico Sacro" e o "Ofrecemento do Lume Sagrado en Santiago de Compostela".

2.- Aprobar a realización das seguintes aportacións por parte do concello de Boqueixón:

-Organización dos eventos.

-Difusión da campaña (páx. web, notas de prensa, radio, presentación oficial para prensa).

CONCEPTO	CUSTO
Confección traxes celtas	850,99 €
Accesorios traxes	100 €
Velas	20 €
14 teas	84 €
13 candís	128 €
Soporte pebeteiro	200 €
Pebeteiro	35 €
Recipiente aceiro inox	50 €
Acompañamento musical (2 actuacións de 1 Gaiteiro)	185 €
<b>TOTAL ( iva inclusive).....</b>	<b>1.652,99 €</b>

Financiación das actividades co orzamento que se recollen a continuación:

3.- Dispor da asignación orzamentaria para facer fronte á aportación municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000060

En Boqueixón, martes 13 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000061

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACIÓN FOGOS DE ARTIFICIO EN LOUREDA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000061

### ANTECEDENTES:

O día 13 de xuño 2017 por rexistro telemático don Manuel Antonio en representación da entidade organizadora Pirotecnia Sionlla, con dni , presenta dúas solicitudes para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Loureda os días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo, e o 5 e 6 de agosto 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, mércores 14 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000062

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** INICIATIVA DA ENTREGA DE VALES A PADRIÑOS/MADRIÑAS DE XARDINEIRAS

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000062

### ANTECEDENTES:

Por decreto de alcaldía de data 18 de marzo de 2016, aprobáronse as bases reguladoras do proxecto "Apadriña / amadriña unha xardinería".

Este proxecto logrou acadar beneficios socioambientais, alongando a vida das plantas e das xardineiras, para a harmonización e recuperación da contorna rural, cunha mellora do mobiliario urbán existente no municipio.

Para este fin, involucrouse á veciñanza no coidado da contorna, a través das xardineiras, mediante unha aportación persoal e artística ó espazo público, de tal xeito que cada xardineira foi apadriñada/amadriñada por veciños e veciñas.

O proxecto pechouse cun total de 69 apadriñamentos/ amadriñamentos formalizados, responsabilizándose da plantación e mantemento dunha ou varias xardineiras municipais, asumindo o compromiso polo período dun ano prorrogable automaticamente salvo acordo en contrario.

En virtude da cláusula 3ª do convenio de colaboración para o proxecto apadriña/amadriña unha xardineira, no que o concello de Boqueixón e a empresa Viveiros Compostela SAT expresan o súa vontade de promover e adopta no futuro máis medidas que favorezan e melloren o embelecemento do municipio, organizase a entrega de vales e ampliáanse o número de viveiros participantes.

Os viveiros citados a continuación: Isaac Fernández Prieto (Rodrifo- Sergude), Viveiros Compostela SAT (A Corna- Pousada), Xardín Compostela, SL (Lestedo) e María Josefa Sánchez Pernas (Espifeira- Lamas); puxeron en coñecemento desta entidade a súa disposición á participar en calquer tipo de acción ou actividade relacionada con este tipo de iniciativas polo seu interese medioambiental e a súa repercusión social.

Co obxectivo de que os bos resultados obtidos perduren, así como as condicións medioambientais acadadas e tras as reiteradas demandas veciñais dos/as padriños/madriñas solicitando apoio para poder reponer e manter as plantas das xardineiras,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Aprobar a entrega dun vale por valor de 10 € por cada xardineira apadriñada/amadriñada formalmente, para poder canxear entre o 26 de xuño e o 14 de xullo de 2017 por plantas para



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000062

ornamentar no viveiro que elixa dos arriba citados.

2.- Aprobar o convenio regulador de xestión dos vales entre o Concello de Boqueixón, os/as padriños/madriñas e os viveiros participantes na iniciativa.

3.- Comprometerse a financiar o custo da actividade que ascende a un total de 690 € (ive inclusive) correspondente ó valor económico dos 69 vales.

4.- Comunicar ó departamento de secretaría- intervención esta resolución.

En Boqueixón, venres 16 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000063

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DATAS DE PROBAS E NOMEAMENTO DA COMISIÓN SELECCIONADORA DUNHA PRAZA DE SOCORRISTA.

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000063

### ANTECEDENTES:

Con data do 13 de xuño de 2017 o Concello de Boqueixón presenta oferta na Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte para a contratación de persoal que cubra unha praza de socorrista, atendendo ás bases aprobadas por resolución de alcaldía con data do 8 de xuño de 2017. A Oficina remitíu candidatos/as preseleccionados/as.

A Oficina pública de emprego remite unha carta certificada ós candidatos preseleccionados para informarlle que o proceso selectivo terá lugar ás 10:00 do día 22 de xuño de 2017, indicándolle ós candidatos que poderán consultar as bases no Concello de Boqueixón, tamén remiten os datos dos/as candidatos/as para que o concello por e-mail ou teléfono contacten con eles/elas para informarlles de que están preseleccionados/as. Estes candidatos/as son:

BAILÓN ROMERO JOSÉ CARLOS  
BASADRE FERREIRÓS ALFONSO HUGO  
BLANCO QUEIJO DENIS  
CAPELO ÁLVAREZ SILVA  
CAROU FRIEIRO TINO  
LAMEIRO CES MANUEL ANXO  
MEIJIDE GÓMEZ JOSÉ MANUEL  
NIETO LAREO ADRIÁN  
RODRÍGUEZ RECAREY JULIO  
VARELA PRESAS MARTA

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1 Aprobar as datas da realización das probas de selección:

Para a realización da proba escrita:

Data: 22 de xuño de 2017

Hora: 10:00 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para realizar da baremación dos méritos:

Data: 22 de xuño de 2017

Hora: 11:00 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)



Fonte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Télex: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000063

## 2 Nomeamento da comisión seleccionadora:

**PRESIDENTE:** Ricardo Romero Pérez, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón. **SUPLENTE:** Ana Beatriz Díaz Míguez, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**SECRETARIA:** Elena Suárez Rodríguez, secretaria-interventora do Concello de Boqueixón; **Suplente:** Adela Lamela Arteaga, funcionaria do Concello de Boqueixón

**VOGAL 1:** Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón; **Suplente:** Elías Rodeiro Tato, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 2:** Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Rosario Canabal Vázquez, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 3:** Juan Manuel Corral Sánchez, funcionario do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón.

3 Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora. Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurren neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, debendo de notificalo á presidencia. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

4 Publicar esta resolución no taboleiro de edictos da casa do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, luns 19 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente  
Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000064

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION DE FESTAS EN CODESO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000064

### ANTECEDENTES:

Con data 14 de xuño 2017, rexistro de entrada número 2017/1237, don Jesús , en calidade de Presidente da Asociación cultural e festiva San Paio, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de San Paio en Codeso os días 23, 24 e 25 de xuño de 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder ao Presidente da Asociación cultural e festiva San Paio, licenza para a realización de verbenas e bailes en Codeso coas seguintes:

<b>Día:</b>	<b>23/06/2017</b>
<b>Tipo de espectáculo :</b>	Verbena ao aire libre consistente baile pola noite a cargo da Dúo Master e o Grupo de Gaitas Pena do Corvo.
<b>Características do escenario :</b>	Dúo Master Camión de 8,5 mts. de longo, 4,5 metros de ancho e 4,5 de alto.
<b>Previsión de asistencia de público:</b>	700 persoas
<b>O horario será de :</b>	22:00 a 04:00 horas.



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000064

**Día:** 24/06/2017

**Tipo de espectáculo :** Verbena ao aire libre consistente baile pola noite a cargo do Grupo Treixadura e unha Disco Móbil.

**Características do escenario :** Treixadura

Camión caixa pechada de 6.15 mts. de longo, 2.20 de ancho e 3,18 de alto.

**Características do escenario :** Disco Móbil

Plataforma 3 eixes

**Previsión de asistencia de público :** 2.000 persoas

**O horario será de :** 22:00 a 04:00 horas.

**Día:** 25/06/2017

**Tipo de espectáculo :** Pandereteiras de codeso

**O horario será de :** 12:00 a 15:30 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se mantéña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, martes 20 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

RECIBO Nº 57/2017 - Fecha de decreto: 20/06/2017  
Emisión imprimible

VD: cdzggtrveRxyzv7/vTyTI  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000065

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** RESOLUCIÓN RECURSO REPOSICIÓN PRESENTADO POLO COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000065

### ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno do 4 de maio de 2017, acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo de asistencia técnica urbanística así como a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- No prazo de presentación de ofertas presentáronse dez plicas.

Terceiro.- Con data 3 de xuño de 2017, réunese a mesa de contratación para proceder coa apertura dos sobres. Admítense todas as ofertas presentadas e procede coa apertura dos sobres que conteñen a oferta económica, resultando una oferta con baixa anormal polo que con data 9 de xuño remíteselle á empresa dándolle un prazo de cinco días para que a xustifique.

Con data 13/06/2017 recíbese a documentación xustificativa da referida baixa anormal.

Cuarto.- Con data 13 de xuño 2017, rexistro de entrada número 2017000001223, recíbese un Recurso de Reposición presentado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, no cal se solicita que se deixe sen efecto a convocatoria e o prego de cláusulas da licitación do contrato, polos seguintes motivos:

Obxecto do contrato indeterminado.

Solvencia económica-financeira e Solvencia técnica ou profesional incorrectas.

### Fundamentos de dereito

1º.- En canto ao obxecto do contrato, débese ter en conta que o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, establece que o obxecto do contrato de servizos son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministro, e no apartado 1 das BASES ( obxecto e réxime xurídico), indicase claramente cales son as funcións que deberían desempeñar os técnicos designados.

Por outro lado, en canto aos traballos que se encarguen ao adxudicatario e que non se atopen especificados no prego, claramente se indica que serán abonados con carácter independente do contrato de acordo coas tarifas dos honorarios vixentes.



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000065

As funcións designadas, están claramente especificadas, dentro dos apartados correspondentes: expedientes promovidos por particulares, expedientes de obras municipais, expedientes en materia urbanística e asesoramento presencial un día á semana.

En canto a outros traballos que poidan xurdir, son realmente escasos, pero a experiencia demostra que ao longo dun contrato poden xurdir situacións imprevistas e incluso urxentes que deben ser inmediatamente corrixidas, para o cal é lóxico e de xustiza contar co persoal do cal se pode dispoñer de inmediato. Isto pode darse en determinados contratos menores, para os cales é suficiente a presentación dun presuposto.

Por último, dicir que no prego indícase claramente que o persoal deberá contar coa titulación suficiente para o caso concreto no que interveña.

Polo que procede rexeitar este apartado primeiro do recurso, posto que consideramos que o obxecto do contrato está correctamente determinado.

2º.- En canto á xustificación da Solvencia económica-financeira e Técnica ou Profesional, efectivamente os artigos 80 e 81 do citado Real Decreto Lexislativo 3/2011 regulan a acreditación das normas de garantía de Calidade e de Xestión medioambiental, só para os contratos suxeitos á regulación harmonizada. En consecuencia estas dúas exixencias previstas no prego ( ISO 9001 e ISO 14001 ) non proceden ao tratarse o contrato licitado polo concello, dun contrato non suxeito á regulación harmonizada.

En canto á solvencia económica, deberíase indicar no prego o nivel mínimo de cobertura do seguro, inda que respectando o principio de proporcionalidade en relación á contía do contrato, o cal non se fixo no prego.

Sen embargo en relación aos servizos prestados, sí se indica: que sexan nos últimos cinco anos, o importe e os beneficiarios públicos ou privados inda que debería indicarse a forma de acreditación dos mesmos.

Polo que procede aceptar o recurso neste apartado posto que non se debe exixir a inclusión no sobre A ( documentación administrativa ), estar en posesión das certificacións acreditativas das implantacións dos sistemas de Xestión da Calidade e de Xestión Medioambiental, por tratarse dun contrato non suxeito á regulación harmonizada.

Tendo en conta que xa foron abertos, así mesmo, os sobres coas ofertas económicas, procede iniciar unha nova contratación do servizo deixando sen efecto o procedemento da licitación ata agora efectuado, e comunicar esta resolución aos contratistas presentados .

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar parcialmente o recurso de reposición presentado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia, en canto á exixencia da Solvencia Técnica, posto que non procede exixir as certificacións acreditativas da implantación dos sistemas de Xestión de Calidade ( ISO 9001 ) e de



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000065

Xestión Ambiental ( ISO 14001 ), e en canto a Solvencia Económica posto que non se fixa un nivel mínimo de cobertura do seguro.

SEGUNDO.- Rexeitalo en todo o demais.

TERCEIRO.- Iniciar un novo procedemento para a contratación do servizo de asistencia técnico urbanística, e dar conta desta Resolución aos contratista que se presentaron no procedemento de licitación para o seu coñecemento e aos efectos que procedan.

En Boqueixón, xoves 22 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000066

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION DE FOGOS EN CODESO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000066

### ANTECEDENTES:

O día 22 de xuño con rexistro de entrada núm. 17/1328 don Jesús , con D.N.I. , como presidente da Asociación cultural e festiva San Paio con C.I.F. presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Codeso os días 23, 24 e 25 de xuño de 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que conorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, xoves 22 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000067

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** RESOLUCIÓN PERMISOS DE FOGUEIRAS PARA O SAN XOÁN 2017

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000067

### ANTECEDENTES:

Con ocasión da festa do San Xoán, os veciños deste concello desexan realizar as típicas fogueiras, coa correspondente sardiñada, para o que solicitan a este concello permiso para facer lume.

A continuación faise unha relación das persoas e asociacións que fixeron a súa solicitude cos días e lugares nos que se van a facer fogueiras:

Data	Solicitante	Lugar
23/06/2017	Victor Manuel	A Igrexa - Sergude
23 a 24/06/17	Inés	Deseiro de Arriba, - Sergude
23/06/2017	Juan Manuel	Trav. do Vinteseis, Picota - Lestedo
23/06/2017	Salvador	Vilar - Lestedo
23/06/2017	Lucía	Lugar Lestedo,
23/06/2017	José	Vilar, (O Rincón de Pepe)-Lestedo
23/06/2017	Jesús	Forte, Nº - Boqueixón
23/06/2017	José	Área recreativa de Gastrar
23/06/2017	Casiano	Rodiño Pequeño, - Sergude
23/06/2017	Patricia	Residencia Santa Olaia
23/06/2017	Sonia	Resid. O Forno, B1, - Lestedo
23/06/2017	Asociación A Mapoula de Vigo	Campo da festa Sta. Eulalia de Vigo
23/06/2017	José Manuel	Ardesende, - Codeso
23/06/2017	José	Moa, - Loureda
23/06/2017	Ramón	Ramil - Lestedo
23/06/2017	Ana	León, - Oural
23/06/2017	Mª Carmen	Lamas, - Sergude
23/06/2017	José Manuel	Pumares, - Sergude
23/06/2017	Javier	Chousa do Muíño
23/06/2017	J. Rodrigo	Ramil, - Lestedo
23/07/2017	Asociación O "Pontillón"	Campo da festa - Boqueixón
23/06/2017	Mª Carmen	Rebordaos,
23/06/2017	Felipe I	Finca O Castelo - Zaramacedo
23/06/2017	Manuel	Gándara, - Sergude (Eira)
23/06/2017	Manuel	Pazos, - Lestedo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000067

23/06/2017	Carmen	Picota, - Lestedo
23/06/2017	Victor Manuel	Castro, - Oural (Finca domicilio)
23/06/2017	Fernando	Villalapaz, Oural
23/06/2017	Mª Rosario	A Picota, - Lestedo
23/06/2017	Mª del Carmen	Gándara, - Sergude
23/06/2017	José Manuel	Gándara, - Sergude
23/06/2017	Mª Carmen	Cusanca, - Lestedo
23/06/2017	Francisco	Rua dos Acebos, - Lestedo
24/06/2017	Asociación festexos San Bieito de Sergude	Campo da festa en Sergude
24/06/2017	Asoc. comisión de festexos Camporrapado	Campo da festa Camporrapado
24/06/2017	Asociación Cultural de festas A Braña	Campo da festa/local social de Lamas
24/06/2017	Asociación de festexos de Loureda	Campo de fútbol
24/06/2017	Sonia	Campo da festa-Ardilleiro-A Granxa
24/06/2017	Eva	Rubio - Vigo
25/06/2017	José	Orto - Boqueixón

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Autorizar previamente a realización destas fogueiras os días sinalados, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007).
2. Que por parte dos solicitantes se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
3. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.
4. Esta autorización non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que conorra negligencia ou imprudencia.

En Boqueixón, venres 23 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000068

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DATAS DE PROBAS E NOMEAMENTO DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000068

### ANTECEDENTES:

A Oficina de Emprego de Santiago Norte remitiu candidatos/as preseleccionados/as para as ofertas presentadas con data do 13 de xuño de 2017 de 1 Técnico de Información Turística.

Para a contratación de 1 técnico de información turística, a oficina de Emprego remite 5 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2017-5759:

APELIDOS E NOME
GONZÁLEZ RODRIGUEZ, GUSTAVO
LAMAS IGLESIAS, JESÚS
LÓPEZ REBOREDO, ÁNGEL
NOYA REY, JULIA
PENSADO GÓMEZ, SUSANA

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos curriculum vitae dos/as candidatos/as que remite a oficina de emprego, para facilitarlles ós/ás candidatos/as as bases da convocatoria e temario para a proba escrita do proceso de selección

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Establecer as datas das probas de seleccción:

1.1 Para a realización da proba escrita:

Data: 28/06/2017

Hora: 10:00 h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

1.2 Para a realización da baremación méritos:

Data: 28/06/2017

Hora: 11:00h.



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000068

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte (Boqueixón), 15881 Boqueixón.

2.- Nomeamento da comisión seleccionadora:

PRESIDENTE: ANA BEATRIZ DÍAZ MÍGUEZ; SUPLENTE: PILAR PAZOS SANTASMARINAS.  
SECRETARIA: ELENA SUÁREZ RODRÍGUEZ; SUPLENTE: ADELA LAMELA ARTEAGA.  
VOGAL 1: ROSARIO CANABAL VÁZQUEZ; SUPLENTE: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ.  
VOGAL 2: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS; SUPLENTE: ANSELMO CAEIRO VILAR.  
VOGAL 3: MARÍA VICTORIA NEGRÍN BLANCO; SUPLENTE: JUAN MANUEL FREIRÍA BREY

3.- Poñer en coñecemento desta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarilles se concurrese algunha daquelas circunstancias

4.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, luns 26 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000069

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN PROXECTO AGADER

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000069

### ANTECEDENTES:

No DOG do día 31 de maio de 2017, saíu publicada a resolución da Axencia galega de desenvolvemento rural pola que se conceden directamente as axudas correspondentes ó Plan e mellora de camiños municipais 2017-2018.

Estas axudas subvencionan actuacións de ampliación, mellora e mantemento dos camiños municipais de acordo co estipulado na mesma resolución.

O importe que se lle adjudica a Boqueixón é de 47.311,00 euros que se reparten en dúas anualidades 2017-2018, por igual importe cada una delas: 23.655,00 euros.

Para participar neste plan, este concello elabora un proxecto no que recolle tres actuacións por un importe total de 57.246,31 euros (IVE incluído) :

Camión Castenda a pista de aeroporto

Camión cruce de Couto hacia Brea. Lamas

Camión cruce de Pontenova - Igrexa e Peñalta

O importe do IVE non será subvencionable en ningún caso, polo tanto a cantidade obxecto da subvención é 47.311,00 euros que coincide coa asignada polo organismo AGADER para este concello.

No orzamento aprobado para o ano 2017, consignouse na partida 414.600.00 a cantidade de 3.000 euros como achega municipal e para o pagamento do IVE. Debido a que a cantidade non é suficiente posto que o IVE é por importe de 9.935,31 euros, farase a correspondente modificación presupostaria para consignar a diferenza.

O prazo para entregar a documentación remata o vindeiro día 30 de xuño, polo tanto é preciso aprobar o proxecto e a documentación que se debe achegar para a tramitación da subvención,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1 Avocar o coñecemento deste asunto, segundo o estipulado no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000069

outubro, de Réxime xurídico do sector público, por circunstancias de tipo técnico.

2 Aprobar a participación no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018

3 Aprobar o proxecto denominado “Camiño Castenda a pista de aeroporto e outros” por importe de 57.246,31 euros

4 Acreditar que os camiños son de titularidade municipal

5 Acreditar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución das obras

6 Enviar a documentación para o organismo AGADER

En Boqueixón, martes 27 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION FESTAS DE SAN BIEITO EN SERGUDE

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000070

### ANTECEDENTES:

Con data 27 de xuño 2017, rexistro de entrada número 2017/1383, don José ..., en calidade de tesoureiro da Asociación de festexos de San Bieito de Sergude, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de San Bieito en Sergude os días 15 e 16 de xullo do 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder a Asociación de festexos de San Bieito de Sergude, licenza para a realización de verbenas e bailes en Sergude coas seguintes:

**Día:** 15/07/2017

**Tipo de espectáculo:** Verbena ao aire libre consistente baile pola noite a cargo de Orquestra Gran Parada e Armonía Show.

**Características do escenario:** Gran Parada

Semirremolque caixa pechada de 20 mts. de longo, 10 mts. de ancho e 6 mts de alto.

**Características do escenario:** Armonía Show

Semirremolque caixa pechada de 20 mts. de longo, 10 mts. de ancho e 6 mts de alto.

**Previsión de asistencia de público:** 1.500 persoas



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000070

**O horario será de:** 21:30 ás 4:00 horas.

**Día:** 16/07/2017

**Tipo de espectáculo:** Banda Municipal de Arca e Banda Municipal de Padrón

**Previsión de asistencia de público:** 1.000 persoas

**O horario será de:** 9:00 ata 1:30 horas do 17/07/2017

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, martes 27 de xuño de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION FESTAS DE SAN PEDRO EN LOUREDA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000071

### ANTECEDENTES:

Con data 29 de xuño 2017, registro de entrada número 2017/1392, don José , en calidade de presidente da Asociación de festexos de Loureda, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de San Pedro en Loureda os días 1 e 2 de xullo do 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (registro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder a Asociación de festexos de San Pedro en Loureda, licenza para a realización de verbenas e bailes en Loureda coas seguintes:

**Día:** 01/07/2017

**Tipo de espectáculo :** Verbena ao aire libre consistente baile pola noite a cargo de Orquestra Bahía.

**Características do escenario :** Orquestra Bahía

Camión de 12 mts. de longo, 7 mts. de ancho e 7 mts de alto.

**Previsión de asistencia de público:** 100 persoas

**O horario será de:** Sesión vermú con música a cargo da Orquestra Bahía de 14:00 a 15:30 horas e baile pola noite de 22:30 a 2:30 horas.

**Día:** 02/07/2017



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000071

**Tipo de espectáculo :** Charanga BB+  
**Previsión de asistencia de público:** 200 persoas  
**O horario será de:** 13:30 ata ás 15:30 horas

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, xoves 29 de xuño de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000072

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN SOCORRISTA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000072

### ANTECEDENTES:

A xunta de goberno do 1 de xuño de 2017 acordou participar na convocatoria do programa de socorrismo da Deputación provincial cun importe de 4000 € e mediante a contratación directa polo Concello de Boqueixón dun socorrista durante os meses de xullo e agosto.

Por resolución da alcaldía de data 8 de xuño apróbanse as bases para a contratación do persoal socorrista.

Con data 13 de xuño de 2017, o concello presenta ofertas na oficina pública de emprego para a contratación de persoal para cubrir dúas prazas de socorrista.

Unha, financiada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a través dun programa para a contratación de traballadores desempregados.

Outra, financiada pola Deputación da Coruña.

Preséntanse dez candidatos, inda que ao exame só se presentan dous, superando ambos as probas polo que o Tribunal propón o nomeamento dos dous.

Posteriormente, con data 28 de xuño, o segundo candidato aprobado renuncia á súa contratación, polo que sendo necesario dispoñer doutro socorrista, posto que a piscina está en funcionamento todos os días dos meses de xullo e agosto, procede iniciar a contratación externa mediante contrato menor debido á súa maior axilidade e, tendo en conta as datas nas que nos atopamos e así mesmo, que o importe total e a duración previstos na lei de contratos, o permiten.

Tendo en conta que esta alcaldía ten delegadas as súas competencias delegables na Xunta de goberno e que a próxima terá lugar o 6 de xullo e sendo necesario a contratación a maior brevidade, procede a avocación deste asunto tal como se prevé no art. 10 de lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar o coñecemento deste asunto por razóns técnicas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000072

Segundo.- Iniciar a contratación mediante contrato menor, dun socorrista para desempeñar as funcións nos meses de xullo e agosto, por importe total de 4000 €, IVE incluído.

Terceiro.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Serviocio

C/Vázquez de Parga, 5-2º

15100 Carballo

Aquafit Gestion,SL

C/ Vázquez de Parga, 5-2º

15100 Carballo

CPM Eventos

Sta. Cruz de Rivadulla

Vedra

En Boqueixón, xoves 29 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín





## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN SOCORRISTA - SUBVENCIÓN XUNTA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000075

### ANTECEDENTES:

Por Decreto de alcaldía de data 30 de xuño de 2017, resolveuse contratar 1 socorrista para a prestación do servizo na piscina municipal de O Forte dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2017, segundo subvención da Xunta de Galicia Consellería de Economía, Emprego e Industria por importe de 2.666,72 euros.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Que se proceda á contratación do traballador don Julio Rodríguez Recarey, para a prestación de servizos de socorrista na piscina municipal de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 01/07/2017
- Categoría profesional : Socorrista / Oficial 1ª
- Custo salarial bruto mensual: 994,30 €
- Seguridade Social mensual Concello : 339,06 €
- Grupo de cotización : 8
- Modalidade de contrato : 401 Obra o servizo determinado a Tempo Completo
- Duración do contrato : Dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2017.
- Subvención Xunta: 2.666,72 euros
- Aportación municipal: 0 euros

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

En Boqueixón, venres 30 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000073

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** NOMEAMENTO E OBRIGAS DA CONTRATACIÓN DO TRABALLADOR PARA A PRAZA DE SOCORRISTA.

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000073

### ANTECEDENTES:

Con data do 22 de xuño de 2017, realizouse o procedemento selectivo para a contratación dun socorrista acuático, resultando seleccionados como titular da praza Denis Blanco Queijo, e como suplente da praza: JULIO RODRÍGUEZ RECAREY.

O día 26 de xuño de 2017, rematou o prazo de presentación de reclamacións do proceso selectivo para a contratación dun socorrista acuático, sen que se tivese realizado ningunha reclamación neste proceso.

Con data do 29 de xuño de 2017 rexistrouse con entrada núm. 201700000001383 un escrito no concello de Boqueixón, presentado polo titular da praza convocada, Denis Blanco Queijo, con DNI. 45.961.570A, comunicando a renuncia da citada praza. Contáctase co candidato suplente para informarlle deste feito, e para que confirme a súa dispoñibilidade para a contratación, facendo saber a esta entidade que está interesado na praza,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1 Publicar con data do 29 de xuño de 2017, no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón, a listaxe definitiva de titulares e suplentes do proceso selectivo para a contratación da praza:

Titular: Julio Rodríguez Recarey

Suplentes: 0

2 Realizar a contratación do traballador seleccionado JULIO RODRÍGUEZ RECAREY dende o día 1 de xullo de 2017 ata o 31 de agosto de 2017, ambos inclusive, de conformidade coa lexislación vixente, e as condicións establecidas nas citadas bases da convocatoria, atendendo ó artigo 15º da Orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG. Núm. 87, luns 8 de maio de 2017). A contratación debe realizarse segundo o modelo de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballo de interese social.

3 Cumprir cas obrigas establecidas no artigo 19º da Orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000073

para o exercicio do ano 2017 (DOG. Núm. 87, luns 8 de maio de 2017).

4º Cumprir con todos os puntos do artigo 20º da citada Orde de convocatoria, e sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na presente norma, as entidades beneficiarias das axudas beberán:

- a) Manter un sistema de contabilidade separada ou codificación contable adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo ó proxecto subvencionado, referidos á operación de afectación da subvención á finalidade da súa concesión.
- b) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

5º Comunicar esta resolución á secretaria-interventora, ó departamento de persoal e de contabilidade, ó técnico de deportes e ó coordinador de obras e servizos do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, venres 30 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente  
Manuel Fernández Munín



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs. 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000074

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION DE FESTAS EN SUCIRA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000074

### ANTECEDENTES:

Con data 13 de xuño 2017, rexistro de entrada número 2017/1220, don José Luís en calidade de presidente da Comisión de festas de Sucira, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Santa Mariña en Sucira os días 18, 19 e 20 de xullo do 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder a Comisión de festas de Sucira, licenza para a realización de verbenas e bailes en Sucira coas seguintes:

**Día:** 18/07/2017

**Tipo de espectáculo :** Verbena ao aire libre consistente baile pola noite a cargo de Trío Unión y Fuerza e Show musical Alba.

**Características do escenario :** Trío Unión y Fuerza

Camión caixa pechada de 6.90 mts. de longo, 2,12 mts. de ancho e 3 mts de alto.

**Características do escenario :** Show musical Alba

Camión caixa pechada de 5.60 mts. de longo, 2.20 mts. de ancho e 3.14 mts de alto.

**Previsión de asistencia de público:** 300 persoas

**O horario será de:** sesión vermú de 13:00 a 15:30 horas con música a cargo de Trío Unión y Fuerza e pola noite verbena de 22:00 a 3:30 horas.



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2017/G003/000074

**Día:** 19/07/2017

**Tipo de espectáculo :** Rocío Pérez

**Previsión de asistencia de público:** 200 persoas

**O horario será de:** sesión vermú de 13:00 a 15:30 horas con música a cargo de Rocío Pérez e pola noite verbena de 22:00 a 3:30 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, venres 30 de xuño de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

